



PROXECTO EDUCATIVO

CEIP RECIMIL

ÍNDICE

- 1** **Introdución**
- 2** **Características do centro.**
 - 2.1** **Situación.**
 - 2.2** **Breve historia.**
 - 2.3** **Instalacións.**
 - 2.4** **Características dos diferentes grupos da comunidade escolar.**
- 3** **Finalidades educativas.**
 - 3.1** **Obxectivos instrutivos.**
 - 3.2** **Obxectivos formativos.**
 - 3.3** **Obxectivos para a normalización lingüística.**
 - 3.4** **Obxectivos para a mellora organizativa.**
 - 3.5** **Obxectivos para a mellora das instalacións.**
- 4** **Estilo pedagóxico.**
 - 4.1** **Liña metodolóxica.**
 - 4.2** **Cultura da coordinación, cooperación e participación.**
 - 4.3** **Cultura avaliadora.**
 - 4.4** **Cultura da diversidade e a integración.**
 - 4.5** **Cultura das novas tecnoloxías.**
 - 4.6** **Cultura da renovación e actualización profesional.**
 - 4.7** **Cultura da relación e colaboración co contorno e coas diferentes institucións.**
- 5** **Oferta educativa.**
 - 5.1** **Oferta docente.**
 - 5.2** **Servizo de orientación.**
 - 5.3** **Servizos complementarios: O comedor.**
 - 5.4** **Actividades complementarias.**
 - 5.5** **Actividades extraescolares.**
 - 5.6** **Uso das instalacións.**

6 Estructura organizativa.

6.1 Equipos docentes de ciclo.

6.2 Comisión de coordinación pedagógica.

**6.3 Equipo docente de actividades complementarias e
extraescolares.**

6.4 Equipo docente de normalización e dinamización lingüística.

6.5 Equipo docente de informática.

6.6 Equipo docente de biblioteca.

6.7 Departamento de orientación.

6.8 Claustro.

6.9 Consello Escolar.

6.10 Observatorio da convivencia.

6.11 Asociación de nais e pais de alumnos.

6.12 Equipo directivo.

7 Aprobación, seguimiento e avaliación.



1 INTRODUCCIÓN

Seguindo as aportacións de Antúnez (1987), que recolle por primeira vez un estudio sistemático do PEC, defíneo como o instrumento que recolle e comunica unha proposta integral para dirixir e orientar coherentemente os procesos de intervención educativa que se desenvolven nunha institución escolar. En canto aos contidos concíbese como un instrumento que define os sinais de identidade do centro, formula os obxectivos que pretende e expresa a estrutura organizativa da institución, de forma coherente co contexto escolar no que o Centro está inmerso.

Este PEC nace a partir da revisión e actualización do anterior, tendo en conta as enquisas do 3º trimestre do curso 2012/2013.

Será o eixe vertebrador da práctica educativa e dos demais documentos do centro como sinala a LOE no seu artigo 121.

- *“El proyecto educativo del centro recogerá los valores, los objetivos y las prioridades de actuación. Asimismo, incorporará la concreción de los currículos establecidos por la Administración educativa que corresponde fijar y aprobar al Claustro, así como el tratamiento transversal en las áreas, materias o módulos de la educación en valores y otras enseñanzas.*
- *Dicho proyecto, que deberá tener en cuenta las características del entorno social y cultural del centro, recogerá la forma de atención a la diversidad del alumnado y la acción tutorial, así como el plan de convivencia y deberá respetar el principio de no discriminación y de inclusión educativa como valores fundamentales, así como los principios y objetivos recogidos en esta Ley y en la Ley Orgánica 8/1985, de 3 de julio, Reguladora del Derecho a la Educación.”*

O PEC estará a disposición de calquera membro da comunidade educativa que o solicite.

2 CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

2.1 SITUACIÓN.

O CEIP Recimil está situado no núcleo urbano, no barrio de Recimil no centro de Ferrol, cidade marítima, porto de mar industrial, ata hai pouco tempo dedicada intensamente á construción naval, actualmente en claro declive.

A zona de influencia do CEIP Recimil corresponde aos barrios de Recimil, Ensanches A e B, e parte do barrio da Madalena (ata a Praza de Armas).

Está adscrito ao IES Ferrolterra e ao IES Concepción Arenal.

2.2 BREVE HISTORIA.

O centro foi construído no ano 1948 cando se construíu o barrio das chamadas “Casas Baratas” para familias obreiras e de escasos recursos económicos. Foi o primeiro que se fixo como tal, antes as escolas eran unitarias que estaban repartidas por toda a cidade, coñecíase como “Agrupación Escolar”.

O edificio tiña forma de U, cun á para os nenos e outra para as nenas. O patio era aberto á rúa, subíase por unhas escaleiras que estaban onde hoxe está o Pavillón.

Dende o momento da súa fundación foi o escenario de moitas actividades do barrio, pois a máis do labor cultural propio, desenvolveu unha serie de accións tendentes a mellorar a situación e convivencia no barrio. Funcionaba unha biblioteca cos libros que prestaban as institucións (Concello, Sección Feminina) que a finais do curso devolvíanse. No “Salón de Actos” facíanse dúas sesións de cine á semana e ás que tiñan acceso os veciños, unha a tarde do xoves, que non había clase, e outra os sábados.

Nos anos 1954-55 a matrícula aumenta considerablemente pois veñen alumnos da bisbarra (Covas, Mandiá,..) polo que empeza a funcionar o comedor que por falta de local sitúase nun corredor. Aos rapaces que comían no colexio tamén se lles daba a merenda pola tarde.

2.3 INSTALACIÓNS

No ano 1978 construíuse un segundo edificio pechando o U, ao que chamamos Pavillón, quedando no medio un patio de recreo descuberto cunha pista polideportiva.

O colexio consta de tres vías de acceso, dúas na fachada NO do edificio principal que e unha terceira na fachada SO que da acceso a un patio interior. Este patio interior ten moi pouca zona cuberta o que dificulta o disfrute do recreo en días de choiva. No curso 2010/2011 o Concello instalou xogos infantís adecuados para cada etapa e ciclos de Primaria.

O comedor escolar foi construído no ano 2009/2010.

Dentro do recinto escolar destacan as seguintes estruturas:

O edificio principal, de dúas plantas:

- Na planta baixa están: as aulas de Ed. Infantil (6 aulas), Secretaría, Biblioteca, Conserxaría, Orientación, aula de AL, aseos para alumnos e profesores, aula de Música, local da ANPA e almacéns.
- No primeiro andar están: aulas de 1º e 2º ciclo de Ed. Primaria (8 aulas), e 2 de PT, Sala de Profesores, aula de Relixión, aseos para nenos e Dirección.

Unido a este edificio hai unha sala de usos múltiples que funciona como ximnasio e como salón de actos.

No segundo edificio, de dúas plantas:

- No primeiro andar están: unha aula de Informática, unha sala de audiovisuais, dúas aulas e dous aseos.
- No segundo andar 3 aulas, dúas titorías, un aseo para alumnos e outro para profesores.
- No baixo hai servizos que se usan durante o recreo.

Algúns de estes espazos reformáronse a partir do curso 2011/2012:

- ✚ Cambio das tres portas de acceso ao patio.
- ✚ Pintado do edificio anexo (paredes, canón e portas de servizos e aulas).
- ✚ Renovación da sala de profesores.
- ✚ Substitución da iluminación antiga do edificio principal.
- ✚ Creación da 3ª aula de pedagogía terapéutica.
- ✚ Substitución das persianas antigas por estores (todo o colexio agás a aula de A:L e de PT).
- ✚ Fontanería dos baños do patio.

- ✚ Substitución dos cristais en forma de follas por cristais enteiros nos baños do edificio anexo.
- ✚ Colocación de bancos de cores no patio de recreo.
- ✚ Colocación pantaias dixitais e proxectores nas aulas de 1º Ciclo e 4º curso.
- ✚ Renovación de todo o mobiliario da aula de compensatoria.
- ✚ Recuperación do escenario no ximnasio.
- ✚ Colocación de cortinas e telón.
- ✚ Cambio da porta de Secretaría.
- ✚ Reforma da futura Ludoteca.

2.4 CARACTERÍSTICAS DOS DIFERENTES GRUPOS DA COMUNIDADE ESCOLAR.

As familias residen maioritariamente no barrio de Recimil e nos barrios colindantes do Ensanche e O Inferniño. O barrio de Recimil é de vivendas populares de renda baixa onde as familias con poucos ingresos encontran acomodo.

As unidades familiares do alumnado escolarizado neste colexio son de nacionalidade Española aínda que temos familias de diversas nacionalidades: Ecuador, Uruguai, Romanía, Venezuela, Marrocos, Colombia, China, Paraguai, Brasil, Portugal, Chile e Perú. Compóñense maioritariamente de 4 membros (46,23%) e de 3 membros (28,3%), cunha formación media de grao medio, que teñen como lingua materna e de uso habitual o castelán (74,53%). Valoran favorablemente as relacións que establecen co centro e os servizos que lles ofrece.

Nos últimos anos estase a dar un crecente fluxo inmigratorio, colectivo que supoñe un 11 % que xunto coas familias xitanas, 12%, son os dous colectivos mais numerosos. A falta de cumprimento das normas de organización e funcionamento do noso Centro (especialmente dentro do colectivo xitano) é un dos nosos retos que poñen a proba os recursos do Centro e a coordinación con Servizos Sociais.así como a propia convivencia.

Un 33,42% cobran algún tipo de prestación social (paro, RISGA, axuda familiar,...)

O colectivo docente está formado maioritariamente por mulleres con destino definitivo no centro. O 100% do profesorado atópase a gusto dando clase neste Centro e vén como boa a relación existente co alumnado. que manteñen boas relacións coas familias.

O alumnado do centro ten idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos. Manteñen boas relacións cos seus compañeiros e con moitos deles prolongan a súa relación fóra do centro. Cualifican de boas as relacións co profesorado e séntense a gusto na escola. Demandan máis actividades grupais e máis excursións.

3 FINALIDADES EDUCATIVAS.

3.1 OBXECTIVOS INSTRUTIVOS.

- 3.1.1** Diseñar e desenvolver programas para mellorar a comprensión lectora.
- 3.1.2** Promover a mellora da expresión escrita do alumnado, partindo da mellora da súa expresión oral.
- 3.1.3** Diseñar e desenvolver programas de ensinar e pensar e técnicas de estudo.
- 3.1.4** Diseñar e coordinar actuacións metodolóxicas que promovan unha mellora da atención e da autonomía no proceso de ensino aprendizaxe.
- 3.1.5** Promover o uso das TIC como apoio ao desenvolvemento curricular.
- 3.1.6** Potenciar o funcionamento da Biblioteca do Centro, atendendo aos aspectos organizativos e dinamizadores.

3.2 OBXECTIVOS FORMATIVOS.

- 3.2.1** Facer do Centro un lugar para a práctica dos valores democráticos, de convivencia na diversidade e interculturalidade, de solidariedade e de paz.
- 3.2.2** Tratar de que o deseño e execución de todas as actuacións educativas estean presididos polos principios dunha formación integral da persoa.
- 3.2.3** Diseñar e desenvolver actuacións que faciliten a acollida do alumnado estranxeiro e favorezan a súa integración.
- 3.2.4** Fomentar a participación da maioría ou totalidade do alumnado nalgunha actividade extraescolar.
- 3.2.5** Desenvolver as habilidades de interacción social.
- 3.2.6** Promover os principios dunha educación cooperativa, que fomente a participación, a responsabilidade e a creatividade.

3.3 OBXECTIVOS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

- 3.3.1** Sensibilizar á comunidade educativa respecto das vantaxes de contar cunha lingua propia.
- 3.3.2** Fomentar o seu coñecemento e uso.

3.4 OBXECTIVOS PARA A MELLORA ORGANIZATIVA.

3.4.1 Promover a participación do profesorado nos diferentes elementos da estrutura organizativa.

3.4.2 Fomentar a implicación do profesorado en tarefas de innovación e dinamización.

3.4.3 Diseñar estratexias de coordinación entre os distintos equipos.

3.5 OBXECTIVOS PARA A MELLORA DAS INSTALACIÓNS.

3.5.1 Solicitar aos diferentes organismos competentes a realización das melloras propostas segundo o plano de mellora das infraestruturas existentes.

4 ESTILO PEDAGÓXICO.

Se na elaboración dun proxecto educativo teñen gran importancia o coñecemento da situación de partida en canto á determinación das necesidades e, naturalmente, ao establecemento dunhas finalidades que aborden esas carencias, máis importancia ten, se cabe, a forma de desenvolver todas as actuacións que se planifiquen. En consecuencia, o CEIP Recimil caracterízase por un estilo educativo definido polos seguintes principios:

4.1 LIÑA METODOLÓXICA.

O proceso de ensino aprendizaxe debe moverse entre o que cada quen sabe e o que cada quen pode aprender coa axuda do profesor/a.

Vemos, polo tanto, que situarse nesa liña implica considerar ao profesorado coma un mediador, que facilita que se percorra, coa máxima seguridade e implicación individual, ese camiño que hai entre o que se sabe e o que se ten que aprender. E nesta dimensión, tamén coa finalidade de formar persoas autónomas e solidarias, consideramos que nas aulas deben estar presentes estratexias nas que a responsabilidade individual se complementa coa interdependencia positiva dos alumnos e alumnas.

4.2 CULTURA DA COORDINACIÓN, COOPERACIÓN E PARTICIPACIÓN.

Unha boa coordinación é indispensable no mellor aproveitamento dos recursos humanos e nun proceso continuo de mellora. O Proxecto Curricular do Centro terá que ser o resultado dunha ampla reflexión por parte do profesorado e dunha adopción negociada e coordinada das decisións.

Por iso, o espírito negociador, o cultivo das relacións persoais, a participación familiar, ... e o sentido democrático e de pertenza a unha institución colectiva son elementos que deben coidarse permanentemente.

4.3 CULTURA AVALIADORA.

Debemos entender a avaliación desde a perspectiva formativa e reguladora das estratexias de aprendizaxe que se practiquen nas aulas e no centro. Debe incidir nos resultados e no proceso, nas estratexias e nos recursos.

En consecuencia, debe avaliarse a aprendizaxe do alumnado, a práctica do profesorado, a organización do centro, a implicación familiar, ... e todo aquilo que se programe e desenvolva na institución escolar; pero sempre cun espírito formativo e de intento de mellora.

Polo tanto, será necesario deseñar as formas de avaliar todos eses elementos, os indicadores adecuados e os instrumentos necesarios.

4.4 CULTURA DA DIVERSIDADE E A INTEGRACIÓN.

Un proxecto educativo debe ter en consideración a sociedade á que vai dirixido e a pluralidade de procedencias, recursos, intereses, aptitudes, ...

Este Centro debe caracterizarse por entender a diversidade nun sentido amplo (colexio, aulas, alumnado, profesorado, familias, ...), de xeito que o acto educativo debe considerar as particularidades de cada un deses elementos. Por iso, faise necesario coñecer as circunstancias de cada quen (capacidades, estilos e ritmos de aprendizaxe, intereses, ...), determinar ata onde pode e debe chegar e facilitarlle todas as axudas que precise para o desenvolvemento de cada quen.

A integración e a normalización deben ser factores presentes en todas as accións do centro e moi especialmente nas actuacións do Departamento de Orientación, a fin de que se personalice a atención educativa e se elimine todo elemento discriminatorio. Isto debe ter unha consideración máis sensible, se cabe, co alumnado estranxeiro e co que ten algún tipo de deficiencia ou dificultade na aprendizaxe. De aí a necesidade de aplicar as medidas contempladas no Plan de Acollida de novo alumnado e que debe contemplar actuacións para o profesorado que se incorpora ao Centro.

4.5 CULTURA DAS NOVAS TECNOLOXÍAS.

A busca permanente da calidade educativa ten que ter moi presente o uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación, tanto desde o punto de vista da aprendizaxe do alumnado

coma da mellora profesional do profesorado. Polo tanto, hai que formar e formarse no uso das novas tecnoloxías, hai que introducir na aula os recursos informáticos; pero sempre desde unha posición de crítica e de control persoal destes medios; onde as máquinas só serán recursos para facilitar a aprendizaxe, a solidariedade, a colaboración e a busca de información, nunca o substituto da persoa nin das súas decisións.

O centro dispón do Plan de Integración das Novas Tecnoloxías de Información e a Comunicación onde se detalla os recursos materiais e humanos a estrutura organizativa e os obxectivos e estratexias para a súa promoción.

4.6 CULTURA DA RENOVACIÓN E ACTUALIZACIÓN PROFESIONAL.

Para unha mellora constante da calidade da educación, o profesorado precisa estar convencido da necesidade dunha actualización permanente.

Por iso, a promoción de grupos de traballo, de seminarios permanentes, de proxectos de formación, ..., deben constituír os foros auténticos da renovación e actualización.

4.7 CULTURA DE RELACIÓN E COLABORACIÓN CO CONTORNO E COAS DIFERENTES INSTITUCIÓN.

A vida do Centro debe estar presidida polo espírito de pertenza a un colectivo no que as relacións laborais e fraternas entre alumnado, persoal docente, persoal non docente, familias e outros axentes formarán parte dos valores que debemos coidar para a máxima formación integral dos alumnos.

Colaborar coa ANPA, co Concello, cos demais centros do contorno, coa Administración Educativa e con organismos que poidan aportar algo á mellora do colexio e do labor educativo serán elementos que deben estar presentes en todos e cada un dos profesionais deste Centro, por favoreceren a súa dinamización e integración plena no contorno e na sociedade.

5 A OFERTA EDUCATIVA.

Os recursos cos que conta o Centro para dar resposta ás necesidades percibidas, dentro do marco dos obxectivos establecidos e do estilo educativo propio, son os que, dunha forma máis ben xenérica, figuran de seguido:

5.1 OFERTA DOCENTE.

A oferta docente deste Centro concrétase no seguinte:

- Educación Infantil do 2º ciclo, na que existen, actualmente, dúas liñas completas en cada unha das idades: 3, 4 e 5 anos.
- Educación Primaria, con dúas liñas completas nos dous niveis de cada un dos tres ciclos.
- Servizos propios de apoio (PT e AL) ao alumnado con necesidades educativas especiais.
- Servizo de educación compensatoria para aqueles alumnos desfavorecidos social e culturalmente.
- Biblioteca escolar, a disposición do profesorado e alumnado.
- Aula de informática, destinada a promover o uso das TIC no proceso de ensino aprendizaxe.
- Aula de audiovisuais con recursos tecnolóxicos de apoio á aprendizaxe.
- Aula de educación musical.
- Ximnasio.
- Ludoteca.

5.2 SERVIZO DE ORIENTACIÓN.

O Centro conta cun Departamento de Orientación que asumiu a súa función de servizo para a mellora da calidade e a atención educativa concretadas curso a curso no Plan Anual de Actividades do mesmo.

Cómpre destacar que o Departamento de Orientación deste centro esta adscrito ao IES Ferrolterra e IES Concepción Arenal cos que mantén unha excelente relación de colaboración e coordinación.

5.3 SERVIZOS COMPLEMENTARIOS: O COMEDOR.

Xestionado pola ANPA, o seu funcionamento establécese nun regulamento propio incluído no ROC. Da servizo de almorzo ás 7:30 da mañá e de comida ás 14:00. Poden acudir todos os alumnos do Centro que o soliciten e obteñan praza, previo pago da correspondente cota ou dispoñendo de bolsa dos Servizos Sociais do Concello.

5.4 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

Entendendo por este tipo de actividades o que establece a Orde do 22 de xullo de 1997, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, este Centro valora enormemente o seu carácter formativo, mesmo motivador e de innovación didáctica. Por iso promóvense e planifícanse anualmente este tipo de actividades, para o que se conta cun equipo de actividades complementarias e extraescolares, e se destinan os recursos necesarios para o seu desenvolvemento.

5.5 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

Como complemento ao labor educativo, e nunha liña plenamente formativa, entre as actividades extraescolares deberán diferenciarse dous tipos:

As que organiza e desenvolve o propio Centro, segundo a proposta do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.

As actividades deportivas e culturais das tardes, as cales deberán acomodarse ás instalacións existentes, aos intereses do alumnado e aos medios cos que contén o Concello e a ANPA como encargados da xestión das mesmas.

5.6 USO DAS INSTALACIÓNS.

As instalacións do Centro, necesitadas a maioría delas dunha importante reforma e acondicionamento, forman parte dos recursos necesarios para atender á formación integral do noso alumnado. Por iso o seu uso racional, o valor do que hai que compartir e o coidado do que pertence a todos e todas debe aproveitarse coma un instrumento formativo máis.

Pero, se parece natural que no horario lectivo as instalacións estean a disposición do alumnado e do profesorado, igual de natural sería que esas mesmas instalacións puidesen usarse pola totalidade da comunidade educativa no restante horario. Así, facilitaranse eses recursos para as actividades extraescolares das tardes, para as reunións da Asociación de Nais e Pais do Alumnado, para as reunións titoras, ..., para todo o que facilite o desenvolvemento do contorno e sempre que se faga un uso adecuado deles. En todo caso, no Regulamento de Organización e Convivencia deberá ser explícito no procedemento para acceder ao uso das instalacións do Centro fóra do horario lectivo.

6 A ESTRUCTURA ORGANIZATIVA.

Seguindo a lexislación vixente e co fin de crear unha escola plural, democrática e de calidade o CEIP Recimil deberá contar cunha estrutura organizativa que garanta e promova a

participación, transparencia, respecto ao traballo, aproveitamento dos recursos, a asunción de responsabilidades, a autonomía, a cooperación e a integración.

O Decreto 374/1996 do 17 de outubro e a Orde do 22 de xullo de 1997, ambas normativas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, fan referencia á organización e funcionamento dos Centros de ensino non universitario.

O noso centro abranguerá os seguintes equipos:

6.1 EQUIPOS DOCENTES DE CICLO

Por ser un elemento clave na coordinación docente, os equipos de ciclo deben velar para que o proceso de ensino aprendizaxe teña unha coherencia metodolóxica, un proceso en permanente progresión, un axuste ao momento evolutivo, unha adaptación ás circunstancias de cada quen, unha actualización permanente, ..., para o que será necesario establecer as reunións intraciclos e interciclos que se precisen. Estes equipos serán os responsables de elaborar as contextualizacións e concrecións das diferentes áreas curriculares do PCC, segundo o modelo aprobado, no seu momento, polo claustro.

6.2 COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.

A representatividade existente na Comisión de Coordinación Pedagóxica debe aproveitarse para que este órgano se constitúa no auténtico referente de asesoramento e adopción de decisións que afectan ao pleno desenvolvemento do PEC e do PCC.

6.3 EQUIPO DOCENTE DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, deberá, en sintonía coas directrices que se establezan cada curso por parte do Claustro do Profesorado, deseñar e desenvolver ese tipo de actividades, considerando os grupos de alumnos e alumnas, o contido da actividade e a súa adecuación ás idades do alumnado e aos momentos do curso.

6.4 EQUIPO DOCENTE DE DINAMIZACIÓN E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

Este equipo deberá promover actividades que fomenten o uso da lingua galega, o respecto ao legalmente establecido, a sensibilidade pola variedade lingüística da nosa Comunidade, aspectos que deberán plasmarse no Plan Anual de Actividades que este departamento elabore.

6.5 EQUIPO DOCENTE DE INFORMÁTICA.

Este equipo é o responsable de dinamizar o desenvolvemento do Plan de Integración das Novas Tecnoloxías da Comunicación e da Información.

6.6 EQUIPO DOCENTE DE BIBLIOTECA.

Corresponde a este equipo a xestión da biblioteca do centro tanto no referido aos fondos documentais como as actividades de animación lectora e formación de usuarios.

6.7 DEPARTAMENTO DE ORIENTACION.

Este órgano representativo, que debe asumir as súas responsabilidades na adecuación dos recursos existentes ás necesidades do alumnado, estará en total coordinación coa CCP e presente en todos os programas de mellora da calidade que se deseñen. As súas principais actuacións e proxectos deberán establecerse no Plan de Orientación, o cal será desenvolvido curso a curso mediante o Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación.

6.8 CLAUSTRO.

O Claustro do Profesorado resulta un elemento clave no funcionamento e mellora da vida no centro. Todas as decisións importantes que deban adoptarse no Consello Escolar deberán contar co previo informe do Claustro, o que obrigará a que cada curso se establezan sesións ordinarias con certa frecuencia e con antelación ás reunións do Consello Escolar.

6.9 CONSELLO ESCOLAR.

Este órgano, máximo referente da participación dos distintos sectores no control e xestión dos centros educativos, responsable da adopción das grandes decisións do colexio, deberá implicarse nos procesos de mellora, tanto desde o punto de vista educativo coma da infraestrutura, que se estimen necesarios para facilitar unha educación integral, de equidade e calidade para a totalidade do alumnado.

A principios de cada curso establecerase o réxime de reunións ordinarias tanto do Claustro de Profesores como do Consello Escolar para poder abordar a cantidade de debates e decisións que hai que adoptar nun centro.

Dentro do Consello Escolar están constituídas diferentes comisións para ocuparse de propostas específicas tales como asuntos económicos, convivencia e libros de texto.

6.10 OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA.

Trátase dun órgano colexiado creado para reflexionar e investigar o estado da convivencia no centro, propoñer e/ou deseñar estratexias a adoptar para o fomento da cultura da paz e para mellorar o clima de convivencia escolar.

Funciona en pleno, e celebra tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre.

Entre as súas funcións está dinamizar o Plan de convivencia do centro e elaborar un informe anual da análise da convivencia.

6.11 ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS.

A colaboración coa ANPA e a autonomía da mesma son necesarias para que no centro se dea unha percepción máis plural e real do feito educativo, entendendo que unha boa relación entre todo o sistema é necesaria para avanzar na mesma dirección.

6.12 EQUIPO DIRECTIVO.

O Equipo Directivo é o máximo responsable do goberno dun centro. Debe ser referente en canto a dedicación e esforzo, deberá actuar con total transparencia nas súas decisións, promover o traballo compartido e distribuír responsabilidades. Asemade, deberá promover a coordinación e innovación educativa.

7 APROBACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

Para a aprobación deste proxecto, o Proxecto Educativo do C.El.P. Recimil de Ferrol establécese o seguinte procedemento:

1º. Informe favorable do Claustro do Profesorado.

2º. Aprobación por parte do Consello Escolar.

O seu seguimento e avaliación deberá realizarse ao final de cada curso e por parte de cada un dos sectores. En todo caso, cómpre recordar que este proxecto elaborouse cunha proxección de medio e longo prazo, polo que o seu seguimento deberá considerar se o desenvolvemento nas programacións anuais de cada curso seguen ou non as directrices aquí establecidas, pois será a avaliación final e formativa a que facilite a información necesaria

para os posibles axustes. Agora ben, calquera modificación que se pretenda facer a este Proxecto Educativo deberá seguir os pasos establecidos para a súa aprobación.¹

¹ Nota informativa: Este documento foi informado favorablemente polo Claustro de profesores en sesión ordinaria o 27 de xuño de 2013 e aprobado polo Consello Escolar con data de 28 de xuño do mesmo ano,